

Ata que a situación da pandemia se normalice só poderá acceder ao centro o alumnado e o persoal do centro.

As titorías realizaranse a través do teléfono, correo electrónico de cada titor/a ou videoconferencia no caso de que sexa preciso.

Si algunha familia considera imprescindible unha reunión presencial con calquera membro do equipo docente deberá solicitar unha cita previa.

A aplicación **ABALAR MOBIL** pode descargarse en calquera modelo de móbil e resulta moi aconsellable na situación actual.



Ante a situación excepcional que estamos vivindo con motivo da pandemia por COVID-19 necesitamos a colaboración de todos e todas para intentar que o proceso educativo poida desenvolverse coa maior normalidade posible, por iso resulta imprescindible a colaboración das familias nos seguintes aspectos:

O/a alumno/a non asistirá ao centro si:

- presenta calquera síntoma compatible coa COVID-19 ou estivo enfermo/a na noite anterior
- hai casos positivos nos conviventes co alumno/a,
- se ten febre. Cada día tomarase a temperatura ao alumno/a.

Deberase lembrar ao alumno/a que:

- O uso da máscara é obrigatoria sempre
- A necesidade de tomar precaucións para evitar que eles enfermen, e tamén que propaguen a enfermidade a outros membros da familia que poden ser mais vulnerables:
  - Limpeza de mans
  - Separación de 1,5 metros
  - Uso da máscara
- Este curso haberá normas de funcionamento diferentes e máis estrictas, lembramos que son para protección de todos e todas os membros da comunidade educativa.



## PROTOCOLO COVID-19

2021-2022

INFORMACIÓN FAMILIAS

Antes de saír da súa casa o alumno/a debe realizar unha **enquisa de autoevaluación clínica** para identificar síntomas clínicos de sospeita de ter infección por coronavirus

Presentou nas últimas 2 semanas?		SI	NON
Síntomas respiratorios	Febre maior de 37,5 °C		
	Tose seca		
	Dificultades respiratorias		
Outros síntomas	Fatiga severa (cansazo)		
	Dor muscular		
	Falta de olfato		
	Falta de gusto		
	Diarrea		
<b>Ten actualmente algún dos síntomas? Sinalar cales e cando comezaron</b>			

		SI	NON
Tivo CONTACTO nas últimas 2 semanas	Cunha persoa COVID-19 confirmado?		
	Cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID-19		
CONVIVIU nas últimas 2 semanas	Cunha persoa COVID-19 confirmado?		
	Cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID-19		

**SE A RESPOTA É SEMPRE NON**

ASISTIRÁ Á CLASE CON NORMALIDADE, GARDANDO AS RECOMENDACIÓNS DE SEGURIDADE XERÁIS: USO MÁSCARA, HIXIENE DE MANS, SEPARACIÓN DE 1,5 M

**SE A RESPOTA É QUE O/A ALUMNO/A PRESENTA ALGÚN SÍNTOMA**

**non acudirá ao centro** e el/ela ou a súa familia contactará inmediatamente co centro de saúde de referencia do alumno/a.

**SE O ALUMNADO TIVO CONTACTO OU CONVIVIU CON ALGÚN SOSPEITOSO/A DE PADECER A COVID-19**

o alumnado **non poderá acudir ao centro** ata que se coñeza o resultado da proba e sexa negativo. A persoa afectada ou a súa familia comunicarán o resultado á persoa coordinadora COVID do centro.

Para facilitar a comunicación entre o centro e a familia existe unha aplicación móbil chamada **ABALAR MOBIL** que poden descargar e a través da cal poden recibir información



No caso de necesitar comunicarse co centro sobre aspectos que teñan que ver coa COVID—19 teñen á súa disposición:

**Teléfono do IES: 881 880 339**

**Correo electrónico:**

**ies.afonsox.cambre@edu.xunta.gal**

Actualizarase a información sobre aspectos que teñen que ver co COVID-19 no apartado correspondente da páxina web do centro

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesafonsoxcambre/>

